

## REDUCCIÓN COTA COLEXIAL 1º SEMESTRE 2022

O vindeiro mes de xaneiro (día 3) poñeranse ao cobro os recibos correspondentes á cota de colexiación do primeiro semestre do ano 2022. Aproveitade para comunicarnos calquera cambio nos vosos datos bancarios a fin de evitar devolucións de recibos.

Poden acollerse á **cota reducida** (30,00 euros) os colexiados/as que se atopen nalgunha das circunstancias seguintes e que o demostren adecuadamente no prazo que se indica:

→ **Situación de desemprego**. Farán chegar ao Colexio escaneado ao correo [cotareducida@biologosdegalicia.org](mailto:cotareducida@biologosdegalicia.org), por WhatsApp (Pon o noso teléfono como novo contacto 981531440), por fax ao nº 981-53 42 25 ou por carta a COBGA (Apartado de Correos 1130, 15780- SANTIAGO) calquera dos seguintes documentos:

- **Informe de Situación Administrativa ou Informe de Períodos de Inscripción** (Emitidos pola Oficina de Emprego ou Servizo de Colocación correspondente ou descargados da web do SGC con data das incluídas no prazo).

- **O Documento Acreditativo da Renovación da Demanda de Emprego (DARDE)** que se pode descargar no servizo electrónico só será válido se inclúe a data de impresión que debe estar dentro do prazo (26 de novembro ao 20 de decembro de 2021). (Pódese borrar o PIN cun programa de xestión de imaxes)

Todos eles deben reflectir a situación de **ALTA** (Non é válido se a situación é de Mellora de Emprego). Non se considerará ningún outro documento nin os Informes entregados con anterioridade.

→ Os **pensionistas por xubilación ou invalidez**, presentando a acreditación correspondente.

**IMPORTANTE: O prazo de recepción destes documentos remata o día 20 de decembro (23:59 horas).**

Non se terán en conta os recibidos despois desa data. **Actuade con dilixencia e consultade calquera dúbida ao respecto. Grazas pola vosa atención.**